

O verbo e as perífrases verbais. O adverbio e as locucións adverbiais. As preposicións e as conxuncións
Exercicios de autoavaliación

- 1. Nas seguintes formas verbais, separa a raíz das desinencias e indica a persoa, o número e o tempo de cada unha delas:**

	prefixo	Tema		Desinencias	
		raíz	VT	tempo/modo/aspecto	número/persoa
rematou					
andei					
coñeceremos					
peiteabas					
volvedes					
cantar					
comido					
desaconsellabamos					
digades					
amaba					
collín					
estarei					

- 2. a) Substitúe nas seguintes frases os sintagmas subliñados por un infinitivo:**

- A bebida séntalle mal.
- Sempre me gustou o baile.
- Agora non teño tempo para unha viaxe.
- O estudo é unha forma de desenvolver a intelixencia.
- Todos os domingos dedicamos unhas horas ao paseo.

- b) Completa as oracións escribindo o xerundio do verbo que figura entre parénteses:**

- Ía moita calor e cheguei (suar) _____.
- A velliña mirounos (sorrir) _____.
- O home camiñaba (fitar) _____ a un lado e outro.

- 3. Completa as frases coa forma do participio correspondente:**

- Cando remates deixa todo _____ (recoller).
- Non darei _____ (recoller) o cuarto a tempo.
- O agasallo viña _____ (envolver) en papel de prata.
- O agasallo foi _____ (envolver) polo dependente da tenda.
- O mar _____ (calmar) parecía un espello.
- Enfadouse moito e non se dá _____ (calmar).
- Tomás, _____ (nacer) no ano 1979, é o meu fillo máis vello.
- A rapaza non deu _____ (nacer) a tempo para que a coñecese a súa bisavoa.

- 4. Indica os valores dos tempos verbais das seguintes oracións:**

- *Rosalía casa con Murguía en 1858.*
- *A linguaxe das ciencias humanísticas busca a obxectividade.*

- *Mañá comezamos as vacacións.*
- *Quería ver a nota do meu exercicio, se pode ser.*

5. Aplica a cada modo verbal (indicativo, subxuntivo, imperativo) unha destas palabras e xustifica a elección con oracións creadas por ti: *irrealidade, orde, realidade.*

6. a) Fíxate nas oracións seguintes e indica a quen se refiren en cada caso:

Oración	Quen saíu?
Ao saírmos do cine estaba chovendo.	
Ao saíren do cine estaba chovendo.	
Ao saírdes do cine estaba chovendo.	
Ao saíres do cine estaba chovendo.	
Ao saír do cine estaba chovendo.	

b) Escribe en cada frase a forma do infinitivo conxugado que corresponda:

- Para facer nós ese exercicio precisamos unha explicación.
- Ao rematar o traballo foron cear a un restaurante.
- Ao entrar (nós) na sala, apagaron as luces.
- Compramos un ordenador novo para traballar mellor.
- De saír (ti) coa túa pretensión de ir (nós) á praia eu quedo na casa.
- É fundamental ter un bo lugar de traballo para estudar (vós) mellor.

7. Corrixe os erros:

- Ese coche consume moita gasolina.
- Dicen que non soupo comportarse.
- Sinten que non hubese festa este ano.
- Fuxen cos cartos porque ninguén os persigue.
- Iso valerá unhas cinco mil pesetas e poderás pagalo ben.
- Non din entendido nada nin poden escoitalo ben.
- Andiven todo o día en busca túa.

8. Conxuga o pretérito de Indicativo do verbo *varrer*, *ver* e *vir*, e o presente de indicativo de *dormir*.

9. Escribe as formas de *saír* e *fragar* que precisen diérese.

10. Escribe en pretérito de indicativo dos verbos indicados entre parénteses nas seguintes oracións. Repara en que non todos son irregulares.

- a) Ela non _____ (Ser) a asasina.
- b) Foi estupenda a festa que Xiana e mais ti lle _____ (Facer) á vosa nai polo seu aniversario.
- c) Non lles _____ (Ir) á cerimonia porque non nos chegou o convite.

- d) O avogado non cho recomendou pero ti _____ (Querer) testemuñar no xuízo.
- e) Hoxe _____ (Conducir) toda a tarde e agora estou moi cansa para saír pola noite.
- f) Na votación da asemblea de onte _____ (Haber) moita abstención.
- g) As robalizas que _____ (Comer) onte a túa nai e mais eu de boas que estaban _____ (Saber) a pouco.
- h) Xa _____ (Ler) no xornal que a crise do petróleo repercutiu na suba dos prezos.
- i) A enfermidade das vacas tolas _____ (Producir) unha forte diminución no consumo de carne vacúa.
- j) _____ (Ser) eu quen os avisou de que remataba o prazo para pagar o IVE.
- k) Xa _____ (Vir) o outono para ir apañar castañas ao soto.
- l) Na chacinería non _____ (Ver) eses chourizos tan saborosos que lle recomendarades.
- m) Non che _____ (Traer) as novas lamias de aliaxe lixeira para o teu coche.
- n) Onte _____ (Andar) dez quilómetros e hoxe non aturades as maniotas.

11. a) Completa as frases seguintes escribindo o verbo no tempo que se che indica:

- 1) Pedíanme sempre que (cantar: pretérito de subjuntivo) _____ aquela canción que lles gustaba tanto.
- 2) Chegamos tarde e ela xa (actuar: antepretérito de indicativo) _____.
- 3) Vós xa (rematar: pretérito de indicativo) _____ o traballo?
- 4) Se tivese tempo abondo (ler: pospretérito de indicativo) _____ máis pero éme imposible.
- 5) Quen (escribir: pretérito de indicativo) _____ esta novela tan bonita?
- 6) En que colexio (estudar: copretérito de indicativo) _____ cando erades nenos?
- 7) Avísame cando (chegar: presente de subjuntivo) _____ o carteiro.
- 8) Os meus amigos (conducir: pretérito de indicativo) _____ toda a noite.
- 9) Eu (crer: futuro de indicativo) _____ o que dis cando o vexa.
- 10) Onte eu (andar: pretérito de indicativo) _____ toda a tarde comprando os agasallos para o teu aniversario.
- 11) A mesa estaría ben aquí se (cabere: pretérito de subjuntivo) _____.
- 12) Ti xa lle (dar: pretérito de indicativo) _____ as grazas?
- 13) Todo aquel día nós (estar: antepretérito de indicativo) _____ moi preocupados.
- 14) Penso que é urxente que eles (ir: presente de subjuntivo) _____ ao médico.
- 15) Intenteino pero non (poder: pretérito de indicativo) _____ facer máis nada.
- 16) Eu non (poñer: pospretérito de indicativo) _____ aquí eses mobles.
- 17) Cando cheguen (querer: futuro de indicativo) _____ cear.
- 18) Se nós o (saber: pretérito de subjuntivo) _____ xa cho diríamos.
- 19) Vós sempre (saír: presente de indicativo) _____ tarde da casa.
- 20) Toma este xarope cando (ser: presente de subjuntivo) _____ necesario.
- 21) Aquela muller (ter: antepretérito de indicativo) _____ dous fillos.
- 22) A chuvia era tan forte que eu non (ver: copretérito de indicativo) _____ a estrada.
- 23) Cando nós (vir: presente de subjuntivo) _____ faremos unha festa.

b) Volve escribir as frases seguintes cambiando o suxeito polo que se che indica:

- Eu fuxo das liortas que non levan a nada. Ela.....
- Eu nunca minto. El.....
- Nós durmimos nun hostal. Ti.....
- Ela sofre unha hepatitis. Eu.....
- Nós sentimos moito o ocorrido. Elas.....
- Eu tuso polas mañás. Ela.....
- Vós acudides puntualmente ás citas. Eles.....
- Nós cumprimos as nosas promesas. Ela.....

12. a) Escribe catro frases que leven perífrases de infinitivo e que teñan respectivamente os seguintes significados:

- Futuridade en xeral:
- Obriga ou deber:
- Acción que se está desenvolvendo:
- Inicio dunha acción:

b) Escribe dúas frases que leven perífrase de xerundio indicando unha acción que se está desenvolvendo.

c) Escribe tres frases que leven perífrase de participio e que teñan respectivamente os seguintes valores:

- Acción que se repite:
- Acción como un proceso rematado:
- Pasiva:

d) Escribe as frases seguintes completando a perífrase co verbo auxiliar axeitado en cada caso:

- Polo camiño _____ falando de moitas cousas. (Acción que se está desenvolvendo)
- Mostrádemme o traballo que _____ feito. (Acción como un proceso rematado)
- Cando pare de chover _____ dar un paseo. (Futuridade)
- Se queredes aprobar _____ estudar máis. (Obriga)
- O público _____ enganado polo mago. (Pasiva)
- Imos descansar porque _____ camiñando desde as nove. (Acción que se está desenvolvendo)
- Cantas veces cho _____ dito! (Acción que se repite)
- Se non me deixades en paz non _____ rematado este exercicio. (Acción como un proceso rematado)

13. Escribe unha oración en que un adverbio ou grupo adverbial funcione como modificador dun adxectivo e outro en que ese mesmo adverbio ou grupo adverbial funcione como complemento circunstancial (Exemplo: *Un cativo moi ben* (modificador do adxectivo) *educado colleu o teléfono*. *Xantamos moi ben* (complemento circunstancial) *neste restaurante*).

14. Marca o adverbio ou locución adverbial, indica a que clase pertence e substitúe por outro adverbio ou locución adverbial sinónimos:

- Faino engorde.
- Rompeu a chorar de súpeto.
- Recolle os libros a feito.
- Non se pode ver a televisión e ler asemade.
- Debe estar enriba pero colocouse embaixo.
- Se cadra vén hoxe.
- Abofé que tes razón.

15. Substitúe as preposicións e locucións prepositivas por unha preposición ou locución prepositiva sinónima:

- Sentou xunta o radiador.

- Colocouse onda a parada do autobús.
- Agás el, todos aplaudiron.
- Algúns estaban a prol desas medidas.
- Chegou á meta canda os primeiros.
- Deunos un xantar co gallo *do seu aniversario*.

16. Corrixe os erros que advirtas:

- Aier non estivo acó nen chamou por teléfono.
- Antronte estiven eilí e merquei unha caldeira a gas.
- Vive lexos e ten que erguerse temprano para chegar ao traballo.
- Fai as cousas despacio e según indican as instrucións.
- O artigo trata encol do estado da arquitectura *galega hacia finais do sécalo XIX*.

17. Reescribe as oracións colocando unha conxunción que exprese a relación que se indica entre parénteses:

- Traballa pouco, (oposición) gaña moito.
- Chámao por teléfono (equivalencia) mándalle unha mensaxe por correo electrónico.
- Padece cefalea, (explicación), dóelle habitualmente a cabeza.

18. Introduce nas seguintes frases os adverbios e locucións adverbiais de tempo que figuran a continuación: *acotío, hogano, antonte, decontado, cedo, antano, asemade, axiña, de cando en vez, xamais, daquela, decote, arestora, aos poucos, xa, mentres*:

- 1) _____ vai cos nenos ao cine, máis ou menos dúas veces ao mes.
- 2) Vai poñendo a mesa _____ remato de preparar o xantar.
- 3) Debeu de vir _____, porque onte estiven eu aquí e non a vin.
- 4) _____ son cinco as testemuñas do crime atopadas pola policía.
- 5) _____ eras moi nova para entenderes o que sucedía.
- 6) Non volverei a ver esa película _____, non puiden durmir en toda a noite.
- 7) Corrixiron os exames e _____ revisaron as cualificacións.
- 8) Vou ordenando a casa _____, cando teño tempo entre traballo e traballo.
- 9) _____ os tempos eran moi difíciles, _____ as cousas melloraron abondo.
- 10) Luísa colle o coche _____ para ir ao traballo.
- 11) Esta é a hora á que _____ vai dar o seu paseo pola praia.
- 12) É moi eficiente, pídeslle unha cousa e xa cha fai _____.
- 13) Chegou moi _____ porque colleu un atallo.
- 14) Se queres erguerte _____ polas mañás, non podes quedar pola noite vendo a
- 15) televisión ata as tantas.
- 16) _____ estará aterrando o seu avión no aeroporto, estou desexando vela.

19. Introduce cada preposición ou locución prepositiva en cadansúa frase. Non esquezas facer as contraccións pertinentes:

*segundo – a forza de – por culpa de – a rentes – consonte – ao redor – sobre –
por mor de – en col de – a carón de – a prol de – agás – no canto de – malia*

- Os parrulos voaban _____ da auga.
- _____ ir varias horas antes, non puido conseguir entrada para o partido.
- A xente ocupaba os seus asentos _____ ía chegando.
- Sempre deixa os libros _____ a mesa en vez de colocalos nos seus andeis.
- Esa asociación traballa _____ as mulleres maltratadas.

- Fixemos os exercicios da páxina vinte _____ o último que o deixamos para mañá.
- Suspenderon o concerto ao aire libre _____ a chuvia.
- Aprobou o exame teórico de conducir _____ facer moitas probas na autoescola.
- No discurso disertou _____ a evolución da lexislación urbanística neste decenio.
- No centro de estudos debemos actuar _____ o regulamento de réxime interno.
- Sentou _____ o seu irmán para axudalo cos problemas de matemáticas.
- Sentamos _____ a lareira para escoitar os contos de medo seus avós.
- A colleita estragouse _____ a sarabia que caeu pola noite.
- Trae esa cadeira para a mesa _____ esoutra.

1:

	prefi xo	Tema		Desinencias	
		raíz	VT	tempo/modo/aspecto	número/pers oa
rematou		remat-	-Ø-	-Ø-	-ou
andei		and-	-Ø-	-e-	-i
coñeceremos		coñec-	-e-	-re-	-mos
peiteabas		peite-	-a-	-ba-	-s
volvedes		volv-	-e-	-Ø-	-des
cantar		cant-	-a-	-r	-Ø
comido		com-	-i-	-Ø-	-do
desaconsellabamos	des-	-aconsell-	-a-	-ba-	-mos
digades		dig-		-a-	-des
amaba		am-	-a-	-ba-	-Ø
collín		coll-	-Ø-	-i-	-n
estarei		est-	-a-	-re-	-i
rifaches		rif-	-a-	-Ø-	-ches

2:

A)

- **Beber** séntalle mal.
- Sempre me gustou **bailar**.
- Agora non teño tempo para **viaxar**.
- **Estudar** é unha forma de desenvolver a intelixencia.
- Todos os domingos dedicamos unhas horas a **pasear**.

B)

- Ía moita calor e cheguei (suar) **suando**.
- A velliña mirounos (sorrir) **sorrindo**.
- O home camiñaba (fitar) **fitando** a un lado e outro.
- Pasaba as tardes (xogar) **xogando** no parque cos amigos.
- (ler) **Lendo** os seus libros pasei moi bos momentos.

3:

- Cando remates deixa todo **recolleito**.
- Non darei **recollido** o cuarto a tempo.
- O agasallo viña **envolto** en papel de prata.
- O agasallo foi **envolvido** polo dependente da tenda.
- O mar **calmo** parecía un espello.
- Enfadouse moito e non se dá **calmado**.
- Tomás, **nado** no ano 1979, é o meu fillo máis vello.
- A rapaza non deu **nacido** a tempo para que a coñecese a súa bisavoa.

4:

Presente histórico.

Presente atemporal ou gnómico.

Presente prospectivo ou con valor de futuro.

Copretérito de cortesía.

5:

Irrealidade-subxuntivo, porque expresa dúbidas, desexos, posibilidades. Orde-imperativo, porque serve para mandar e ordenar. Realidade-indicativo, porque expresa feitos reais ou pensados como

ocorridos na realidade.

6:

A)

Oración	Quen saíu?
Ao saírmos do cine estaba chovendo.	Nós
Ao saíren do cine estaba chovendo.	Eles ou elas
Ao saírdes do cine estaba chovendo.	Vós
Ao saíres do cine estaba chovendo.	Ti
Ao saír do cine estaba chovendo.	Eu, el ou ela

B)

- Para **facermos** ese exercicio precisamos unha explicación.
- Ao **remataren** o traballo foron cear a un restaurante.
- Ao **entrarmos** na sala, apagaron as luces.
- Compramos un ordenador novo para **traballarmos** mellor.
- De **saíres** coa túa pretensión de **irmos** á praia eu quedo na casa.
- É fundamental ter un bo lugar de traballo para **estudardes** mellor.

7:

- Este coche **consome** moita gasolina.
- **Din** que non **soubo** comportarse.
- **Senten** que non **houbese** festa este ano.
- **Foxen** cos cartos porque ninguén os **persegue**.
- Iso valerá unhas cinco mil pesetas e **poderás** pagalo.
- Non **dei** entendido nada nin **puiden** escoitalo ben.
- **Andei** todo o día en busca túa.

8:

Varrín, varriches, varreu, varremos, varrestes, varreron

Vín, viches, viu, vimos, vistes, viron.

Vín, viñeches, veu, viñemos, viñestes, viñeron

Durmo, dormes, dorme, durmimos, durmides, dormen.

9:

Saíamos, saíades. Fragüei, fragüe, fragües, fragüe, fragüemos, fragüedes, fragüen.

10:

- Ela non **foi** a asasina.
- Foi estupenda a festa que Xiana e mais ti lle **fixestes** (Facer) á vosa nai polo seu aniversario.
- Non lles **fomos** (Ir) á cerimonia porque non nos chegou o convite.
- O avogado non cho recomendou pero ti **quixeches** (Querer) testemuñar no xuízo.
- Hoxe **conducín** (Conducir) toda a tarde e agora estou moi cansa para saír pola noite.
- Na votación da asemblea de onte **houbó** (Haber) moita abstención.
- As robalizas que **comemos** (Comer) onte a túa nai e mais eu de boas que estaban

soubéronnos (Saber) a pouco.

- h) Xa **lin** (Ler) no xornal que a crise do petróleo repercutiu na suba dos prezos.
- i) A enfermidade das vacas tolas **produciu** (Producir) unha forte diminución no consumo de carne vacúa.
- j) **Fun** (Ser) eu quen os avisou de que remataba o prazo para pagar o IVE.
- k) Xa **veu** (Vir) o outono para ir apañar castañas ao souto.
- l) Na chacinería non **viu** (Ver) eses chourizos tan saborosos que lle recomendarades.
- m) Non che **trouxen** (Traer) as novas lamias de aliaxe lixeira para o teu coche.
- n) Onte **andastes** (Andar) dez quilómetros e hoxe non aturades as maniotas.

11:

A)

- 1) Pedíanme sempre que **cantase** aquela canción que lles gustaba tanto.
- 2) Chegamos tarde e ela xa **actuara**.
- 3) Vós xa **rematastes** o traballo?
- 4) Se tivese tempo abondo **lería** máis pero éme imposible.
- 5) Quen **escribiu** esta novela tan bonita?
- 6) En que colexio **estudabades** cando erades nenos?
- 7) Avísame cando **chegue** o carteiro.
- 8) Os meus amigos **conduciron** toda a noite.
- 9) Eu **crerei** o que dis cando o vexa.
- 10) Onte eu **andei** toda a tarde comprando os agasallos para o teu aniversario.
- 11) A mesa estaría ben aquí se **coubese**.
- 12) Ti xa lle **dechese** as grazas?
- 13) Todo aquel día nós **estiveramos** moi preocupados.
- 14) Penso que é urxente que eles **vaian ao** médico.
- 15) Intenteino pero non **puiden** facer máis nada.
- 16) Eu non **poñería** aquí eses mobles.
- 17) Cando cheguen **quererán** cear.
- 18) Se nós o **soubésemos** xa cho diríamos.
- 19) Vós sempre **saídes** tarde da casa.
- 20) Toma este xarope cando **sexa** necesario.
- 21) Aquela muller **tivera** dous fillos.
- 22) A chuvia era tan forte que eu non **vía** a estrada.
- 23) Cando nós **veñamos** faremos unha festa.

B)

- Ela **foxe** das liortas que non levan a nada.
- El nunca **mente**.
- Ti **dormes** nun hostal.
- Eu **sufro** unha hepatitis.
- Elas **senten** moito o ocorrido.
- Ela **tose** polas mañás.
- Eles **acoden** puntualmente ás citas.
- Ela **cumpre** as súas promesas.

12:

A, B e C)

Respostas libres.

D)

- Polo camiño **van falando** de moitas cousas. (Acción que se está desenvolvendo)

- Mostrádeme o traballo que **levades feito**. (Acción como un proceso rematado)
- Cando pare de chover **iremos dar** un paseo. (Futuridade)
- Se queredes aprobar **teredes que estudar** máis. (Obriga)
- O público **foi enganado** polo mago. (Pasiva)
- Imos descansar porque **levo camiñando** desde as nove. (Acción que se está desenvolvendo)
- Cantas veces cho **teño dito!** (Acción que se repite)
- Se non me deixades en paz non **darei rematado** este exercicio. (Acción como un proceso rematado)

13:

Exemplo. *Ofrecéronnos nese restaurante un caldo moi ben feito. Xantamos moi ben nese restaurante.*

14:

- Faino devagar.
- Rompeu a chorar de socato.
- Recolle os libros a eito.
- Non se pode ver a televisión e ler ao mesmo tempo.
- Debe estar arriba pero colocouse abaixo.
- Ao mellor vén hoxe. Certamente que tes razón.

15:

- Sentou a carón do radiador.
- Colocouse xunta a parada do autobús.
- Excepto el, todos aplaudiron.
- Algúns estaban a favor desas medidas.
- Chegou á meta ao mesmo tempo cós primeiros.
- Deunos un xantar con motivo do seu aniversario.

16:

- Onte non estivo aquí nin chamou por teléfono.
- Antonte estiven alí e merquei unha caldeira de gas.
- Vive lonxe e ten que erguerse cedo para chegar ao traballo.
- Fai as cousas devagar e segundo indican as instrucións.
- O artigo trata sobre o estado da arquitectura galega cara a finais do século XIX.

17:

Traballa pouco; con todo, gaña moito (adversativa). Chámao por teléfono ou (disxuntiva) mándalle unha mensaxe por correo electrónico. Padece cefalea, é dicir, (explicativa) dóelle habitualmente a cabeza.

18:

- 1) De cando en vez vai cos nenos ao cine, máis ou menos dúas veces ao mes.
- 2) Vai poñendo a mesa mentres remato de preparar o xantar.
- 3) Debeu de vir antonte, porque onte estiven eu aquí e non a vin.
- 4) Xa son cinco as testemuñas do crime atopadas pola policía.
- 5) Daquela eras moi nova para entenderes o que sucedía.
- 6) Non volverei a ver esa película xamais, non puideron durmir en toda a noite.
- 7) Corrixiron os exames e asemade revisaron as cualificacións.
- 8) Vou ordenando a casa aos poucos, cando teño tempo entre traballo e traballo.

- 9) Antano os tempos eran moi difíciles, hogano as cousas melloraron abondo.
- 10) Luísa colle o coche acotío para ir ao traballo.
- 11) Esta é a hora á que decote vai dar o seu paseo pola praia.
- 12) É moi eficiente, pídeslle unha cousa e xa cha fai de contado.
- 13) Chegou moi axiña porque colleu un atallo.
- 14) Se queres erguerce cedo polas mañás, non podes quedar pola noite vendo a
- 15) televisión ata as tantas.
- 16) Arestora estará aterrando o seu avión no aeroporto, estou desexando vela.

19:

- Os parrulos voaban **a rentes** da auga.
- **Malia** ir varias horas antes, non puido conseguir entrada para o partido.
- A xente ocupaba os seus asentos **segundo** ía chegando.
- Sempre deixa os libros **encol da** mesa en vez de colocalos nos seus andeis.
- Esa asociación traballa **a prol das** mulleres maltratadas.
- Fixemos os exercicios da páxina vinte **agás** o último que o deixamos para mañá.
- Suspenderon o concerto ao aire libre **por mor da** chuvia.
- Aprobou o exame teórico de conducir **a forza de** facer moitas probas na autoescola.
- No seu discurso disertou **sobre** a evolución da lexislación urbanística nos últimos anos.
- No centro de estudo debemos actuar **consonte** o regulamento de réxime interno.
- Sentou **a carón do** seu irmán para axudalo cos problemas de matemáticas.
- Sentamos ao **redor da** lareira para escoitar os contos de medo dos seus avós.
- A colleita estragouse **por culpa da** sarabia que caeu pola noite.
- Trae esa cadeira para a mesa **no canto desoutra**.